



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO. Expte 2022/G010/00007.

Día de celebración: 27-10-2022

Hora: 20.00 horas.

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Ponteceso

A Deputación da Coruña remitiu requirimento de subsanación da solicitude de participación no POS + ADICIONAL 2/2022, a fin de que o Concello de Ponteceso remita acordo plenario, sendo a data límite o 31-10-2022, e pechando a plataforma SUBTEL o 02-11-2022. Dende o Servizo de Plans da Deputación informaron da necesidade de que a documentación que se remita estea correcta nesa data.

Emitida proposta da Alcaldía e ditaminada en sesión extraordinaria e urxente da comisión informativa de Asuntos Xerais en data 26-10-2022, procede convocar o Pleno con carácter extraordinario e urxente para o xoves 27-10-2022.

Visto o disposto no artigo 79 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais:

“Son sesiones extraordinarias urgentes las convocadas por el Alcalde o Presidente cuando la urgencia del asunto a tratar no permite convocar la sesión extraordinaria con la antelación mínima de dos días hábiles exigida por la Ley 7/1985 de 2 abril.

En este caso debe incluirse como primer punto del orden del día el pronunciamiento del pleno sobre la urgencia. Si ésta no resulta apreciada por el Pleno, se levantará acto seguido la sesión.”

O carácter extraordinario e urxente da sesión vén motivado polo prazo outorgado pola Deputación da Coruña, de carácter improrrogable, considerando esta Alcaldía que a posible perda destes fondos para o noso municipio por non remitir o acordo plenario en prazo constitúe unha razón de interese público que xustifica que tanto a comisión coma a sesión plenaria teñan carácter extraordinario e urxente.

Tendo en conta o artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente, na Casa Consistorial do Concello de Ponteceso, o día 27-10-2022 ás 20:00 h, en primeira convocatoria e procederese en segunda de acordo con estipulado no artigo 90.2 do ROF.

A partires desta data ten vostede á súa disposición, na Secretaría do Concello, os antecedentes relacionados con asuntos que figuran na seguinte

ORDE DO DÍA

1º. Ratificar o carácter urxente da sesión.

2º. Aprobación da participación do Concello de Ponteceso na segunda fase do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022”. Expte. 2022/A008/000007.

Segundo.- Notificar este decreto de convocatoria a tódolos membros da Corporación, así como á secretaria e interventora do Concello.

Ante min, a secretaria en réxime de acumulación de funcións aos efectos da fe pública dacordo co artigo 3.2 do RD 128/2018.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.

**SRA. SECRETARIA EN RÉXIME DE
ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS**

SRA. INTERVENTORA

SRES/AS. CONCELLEIROS/AS

D. Miguel Ángel González Gómez	Dna. Raquel Fondo Pérez
D. Faustino Santiago Lema	Dna. Ana María Pérez Imia
Dna. Noelia María Varela Suárez	Dna. María Teresa Chouciño Calvete
D. Salvador Eiroa Ameijenda	D. Jesús Daniel García Cotelo
Dna. Marta María Carrillo Aguiar	Dna. Ana Maria Vecino Santiago
D. José Manuel Pose Verdes	D. Marco Antonio Varela Vidal